

Materias	Créditos
Intervención socioeducativa sobre problemas fundamentais de desadaptación social.....	9
Bloque práctico: Practicum.....	11
TOTAL	60

Terceiro.—As universidades que impartan o título oficial de diplomado en educación social deberán organizar este curso de nivelación de acordo co previsto nas normas ou disposicións internas que sexan aplicables.

Cuarto.—Os cursos de nivelación de coñecementos que as universidades establezan deberán organizarse e desenvolverse ata o día 14 de febreiro de 2007, como prazo máximo. Anualmente existirán dúas convocatorias das correspondentes probas de avaliación do curso, en maio e setembro. A primeira convocatoria celebrarase no mes de maio de 2005 e haberá unha última convocatoria extraordinaria que se celebrará no mes de febreiro de 2007, antes do día 14.

Quinto.—De conformidade co previsto na disposición adicional terceira do Real decreto 1272/2003, do 10 de outubro, os alumnos que superasen o curso establecido nesta orde e acrediten o cumprimento do resto dos requisitos previstos no Real decreto 168/2004 citado, poderán presentar ante a Dirección Xeral de Universidades a solicitude de declaración individual de equivalencia para todos os efectos entre o seu actual título non universitario e o título universitario oficial de diplomado en educación social establecido polo Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto.

Sexto.—Autorízase a Dirección Xeral de Universidades para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente orde.

Sétimo.—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 4 de outubro de 2004.

SAN SEGUNDO GÓMEZ DE CADIÑANOS

Excmo. Sr. Secretario de Estado de Universidades e Investigación.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

17617 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1782/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso. («BOE» 248, do 14-10-2004.)*

Advertidos erros no Real decreto 1782/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 10, do 1 de setembro de 2004, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1717, primeira columna, no artigo 20.2, onde di: «...as operacións de exportación-expedición e importación/introdución do material...», debe dicir: «...as operacións de exportación-expedición do material...».

Na páxina 1727 debe aparecer, antes do anexo I, o seguinte:

«PRINCIPIOS ADMINISTRATIVOS APLICABLES AOS ANEXOS I, II E III

1. A descrición dun artigo das listas refírese tanto ao novo como ao usado.

2. Cando a descrición dun material das listas non contén cualificacións nin especificacións, considérase que inclúe toda as variables dese artigo. Os títulos das categorías e subcategorías só teñen por obxecto facilitar a consulta e non afectan a interpretación das definicións dos artigos.

3. O obxecto dos controis de exportación non deberá invalidarse pola exportación dun material non sometido a control (incluídas as instalacións) que conteña un ou varios compoñentes sometidos a control cando o compoñente ou os compoñentes constitúan o elemento principal do artigo e sexa factible a súa remoción ou a súa utilización con outros fins.

Nota: ao xulgar se o compoñente ou os compoñentes sometidos a control debe considerarse o elemento principal, deberán ponderarse os factores de cantidade, valor e coñecementos tecnolóxicos implicados, así como outras circunstancias especiais das cales puidese derivar que o compoñente ou os compoñentes sometidos a control son o elemento principal do material adquirido.

4. O obxecto de control non deberá invalidarse pola exportación de compoñentes.

5. As definicións e terminoloxía dos anexos I, II e III entenderanse para os únicos efectos deste regulamento.»

Na páxina 1728, segunda columna, no artigo 7, onde di: «...EQUIPAMENTO RELACIONADO, COMPOÑENTES, MATERIAIS E "TECNOLOXÍA"; SEGUNDO SE INDICA:», debe dicir: «...EQUIPAMENTO RELACIONADO, COMPOÑENTES E MATERIAIS, SEGUNDO SE INDICA:».

Na páxina 1754, segunda columna, na lista 3.b.17, onde di: «Trietanolamina (102-71-6)», debe dicir: «Trietanolamina (CAS 102-71-6)».

Na páxina 1764, primeira columna, no punto «Outras observacións», onde di: «A expedición de CUD está regulada no artigo 31 do Regulamento...», debe dicir: «A expedición de CUD está regulada no artigo 33 do Regulamento...».

17618 *ORDE PRE/3297/2004, do 13 de outubro, pola que se inclúen novos anexos no Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. («BOE» 248, do 14-10-2004.)*

A Directiva 91/414/CEE, do Consello, do 15 de xullo, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios, incorpórase ao ordenamento xurídico español en virtude do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios.

A Directiva 2003/82/CE, da Comisión, do 11 de setembro, que modifica a Directiva 91/414/CEE do Consello no relativo ás frases normalizadas indicativas de riscos especiais e de precaucións respecto aos produtos fitosanitarios, establece os anexos IV e V da dita directiva.

O Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, establece os principios xerais que deben aplicarse como base nas propieda-

des intrínsecas dos preparados. Porén, estes criterios poden non permitir unha descrición suficiente dos riscos especiais que poidan xurdir durante o uso dos produtos fitosanitarios na práctica.

O Real decreto 2163/1994 establece no seu artigo 27 que todos os envases de produtos fitosanitarios deben cumprir certos requisitos relativos á etiquetaxe, como a indicación nelas da natureza dos eventuais riscos especiais para as persoas, os animais ou o ambiente, en forma de frases normalizadas seleccionadas. Así mesmo, dispón que todos os envases de produtos fitosanitarios deben indicar as precaucións que se deban adoptar para a protección das persoas, dos animais ou do ambiente en forma de frases normalizadas seleccionadas.

En consecuencia, mediante esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2003/82/CE, da Comisión, do 11 de setembro, recollendo no anexo 1 os novos anexos IV e V do Real decreto 2163/1994, as frases normalizadas relativas aos riscos especiais e ás precaucións respecto dos produtos fitosanitarios, que deben permitir unha descrición suficiente dos riscos especiais que poidan xurdir durante o uso do produto fitosanitario, así como das precaucións que se deban tomar, e no anexo 2 as datas para a súa aplicación ás revisións de produtos fitosanitarios, segundo as substancias activas que nel figuran.

Esta orde dítase de acordo coa habilitación establecida na disposición derradeira primeira do Real decreto 2163/1994.

A Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre esta disposición. Así mesmo, na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente, dispoño:

Artigo único. Modificación do Real decreto 2163/1994.

1. Engádenselle ao do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar produtos fitosanitarios, os anexos IV e V incluídos no anexo 1 desta orde. En cumprimento do establecido no artigo 27 do dito real decreto, nas etiquetas dos produtos fitosanitarios autorizados aplicaranse as frases harmonizadas contidas nos ditos anexos.

2. As frases relativas aos riscos especiais e ás precaucións recollidas nos ditos anexos, asignaranse aos produtos fitosanitarios en función da avaliación da substancia ou substancias activas que conteñan, após a súa inclusión no anexo I do Real decreto 2163/1994.

Disposición transitoria única. Aplicación da revisión da etiquetaxe de produtos fitosanitarios.

Para a aplicación desta orde revisaranse as autorizacións de cada produto fitosanitario que conteña exclusivamente substancias activas recollidas no anexo 2 desta orde, nos prazos establecidos nel. Cando un produto fitosanitario conteña varias substancias activas a que correspondan distintas datas de aplicación, terase en conta a última destas.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13., 16. e 23. da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, bases e coordinación xeral da sanidade, e lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 13 de outubro de 2004.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Excmas. Sras. Ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente.

ANEXO 1

«ANEXO IV

Frases normalizadas indicativas de riscos especiais para as persoas ou o ambiente segundo se establece no artigo 27 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar produtos fitosanitarios

INTRODUCCIÓN

Defínense as seguintes frases normalizadas adicionais ás frases establecidas nos anexos do Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, que é aplicable aos produtos fitosanitarios. As disposicións desta orde aplicaranse así mesmo aos produtos fitosanitarios que conteñan microorganismos ou virus como substancias activas. A etiquetaxe dos produtos que conteñan estas substancias activas reflectirá, así mesmo, as disposicións sobre probas de sensibilización cutánea e respiratoria establecidas na parte B dos anexos II e III da Orde do 4 de agosto de 1993, polo que se establecen os requisitos para solicitudes de autorización de produtos fitosanitarios, modificada polas ordes do 20 de setembro de 1994, do 20 de novembro de 1995, do 2 de abril de 1997 e a Orde APA/717/2002, do 25 de marzo.

As frases harmonizadas constitúen a base dunha información complementaria e específica polo que se refire ao modo de emprego e, en consecuencia, non van en detrimento doutros elementos do artigo 27, en particular as alíneas g) e h) do seu número 1 e o seu número 4.

1. Frases normalizadas indicativas de riscos especiais

1.1 Riscos especiais para as persoas (RSh):

RSh 1: Tóxico en contacto cos ollos.

RSh 2: Pode causar fotosensibilización.

RSh 3: O contacto cos vapores provoca queimaduras da pel e dos ollos; o contacto co produto líquido provoca conxelación.

1.2 Riscos especiais para o ambiente (RSe):

Ningún.

2. Criterios de atribución das frases normalizadas indicativas de riscos especiais

2.1 Criterios de atribución das frases normalizadas relativas ás persoas:

RSh 1: Tóxico en contacto cos ollos.

A frase asignarase se un ensaio de irritación ocular, establecido no punto 7.1.4 da parte A do anexo III, pon de manifesto signos claros de toxicidade sistémica (por exemplo, en relación coa inhibición da colinesterasa) ou mortalidade entre os animais estudados, que se poidan atribuír á absorción da substancia activa a través das mucosas do ollo. A frase de risco aplicarase tamén se

existe evidencia de toxicidade sistémica no home após un contacto co ollo.

Nestes casos débese especificar a protección dos ollos, como se indica nas disposicións xerais do anexo V.

RSh 2: Pode causar fotosensibilización.

A frase asignarase cando haxa probas claras, obtidas de sistemas experimentais ou dunha exposición humana documentada, de que os produtos teñen efectos fotosensibilizantes. A frase aplicarase tamén aos produtos que conteñan unha substancia activa ou un ingrediente que presente efectos fotosensibilizantes no home, se os produtos teñen unha concentración deste compoñente fotosensibilizante igual ou superior ao 1 % (p/p).

Nestes casos débense especificar medidas de protección persoal, como se indica nas disposicións xerais do anexo V.

RSh 3: O contacto cos vapores provoca queimaduras da pel e dos ollos; o contacto co produto líquido provoca conxelación.

A frase asignarase aos produtos fitosanitarios que se formulen como gases licuados, cando sexa pertinente (por exemplo, preparados de bromuro de metilo).

Nestes casos débense especificar medidas de protección persoal, como se indica nas disposicións xerais do anexo V.

Nos casos en que se apliquen as frases R34 ou R35 segundo o R.D. 255/2003, non se utilizará esta frase.

2.2 Criterios de atribución das frases normalizadas relativas ao ambiente:

Ningún.

ANEXO V

Frases normalizadas relativas ás precaucións para a protección das persoas ou do ambiente segundo se establece no artigo 27 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar produtos fitosanitarios

INTRODUCCIÓN

Defínense as seguintes frases normalizadas adicionais ás frases establecidas nos anexos do Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, que é aplicable aos produtos fitosanitarios. As disposicións desta orde aplicaranse tamén aos produtos fitosanitarios que conteñan microorganismos ou virus como substancias activas. A etiquetaxe dos produtos que conteñan estas substancias activas reflectirá, así mesmo, as disposicións sobre probas de sensibilización cutánea e respiratoria establecidas na parte B dos anexos II e III da Orde do 4 de agosto de 1993, que establece os requisitos para solicitudes de autorización de produtos fitosanitarios, modificada polas ordes do 20 de setembro de 1994, do 20 de novembro de 1995, do 2 de abril de 1997 e a Orde APA/717/2002, do 25 de marzo.

As frases harmonizadas constitúen a base dunha información complementaria e específica polo que se refire ao modo de emprego e, en consecuencia, non van en detrimento doutros elementos do artigo 27, en particular as alíneas g) e h) do seu número 1 e o seu número 4.

1. Disposicións xerais

Todos os produtos fitosanitarios deben etiquetarse coa seguinte frase, á cal se engadirá o texto entre corchetes cando sexa pertinente:

SP 1: Non contaminar a auga co produto nin co seu envase. (Non limpar o equipamento de aplicación de produto preto de augas superficiais/Evítese a contaminación a través dos sistemas de evacuación de augas das explotacións ou dos camiños.)

2. Precaucións específicas

1.1 Precaucións relativas á protección dos operarios (SPo):

Disposicións xerais:

1) Poderase indicar un equipamento de protección persoal que sexa adecuado para os operarios e prescribir determinados elementos dese equipamento (por exemplo, fundas, mandís, luvas, calzado forte, botas de goma, proteccións faciais, pantallas faciais, lentes de protección, gorros, carapuchas ou máscaras dun tipo especificado). Tales precaucións adicionais entenderanse sen prexuízo das frases tipo aplicables en virtude do R.D. 255/2003.

2) Poderanse indicar así mesmo os labores específicos que exixan un equipamento protector especial, como mestura, carga, manipulación do produto sen diluír, aplicación, pulverización do produto diluído, manipulación de materiais acabados de tratar, como as plantas ou o solo, ou entrada en zonas acabadas de tratar.

3) Poderanse engadir especificacións de sistemas de confinamento, como os seguintes:

Obriga de utilizar un sistema fechado de transferencia para pasar o praguicida desde o recipiente do produto ao tanque do pulverizador.

Obriga de que o operario traballe nunha cabina fechada (con aire acondicionado/con sistema de filtración do aire) durante a pulverización.

Os sistemas de confinamento poden substituír os equipamentos de protección persoal se proporcionan un nivel de protección igual ou superior.

Disposicións específicas:

SPo 1: En caso de contacto coa pel, elimínese primeiro o produto cun pano seco e despois lávese a pel con auga abundante.

SPo 2: Lávese toda a roupa de protección despois de usala.

SPo 3: Após o inicio da combustión do produto, abandónese inmediatamente a zona tratada sen inhalar o fume.

SPo 4: O recipiente débese abrir ao aire libre e en tempo seco.

SPo 5: Ventilar as zonas/os invernadoiros tratados (ben/durante un tempo especificado/até que secase a pulverización) antes de volver a entrar.

1.2 Precaucións relativas á protección do ambiente (SPe):

SPe 1: Para protexer (as augas subterráneas/os organismos do solo), non aplicar este produto nin ningún outro que conteña (precítese a substancia ou a familia de substancias, segundo corresponda) máis de (indíquese o tempo ou a frecuencia).

SPe 2: Para protexer (as augas subterráneas/os organismos acuáticos), non aplicar en solos (precítese a situación ou o tipo de solos).

SPe 3: Para protexer (os organismos acuáticos/as plantas non obxecto de tratamento/os artrópodos non obxecto de tratamento/os insectos), respéctese sen tratar unha banda de seguraza de (indíquese a distancia) até (a zona non cultivada/as masas de auga superficial).

SPe 4: Para protexer (os organismos acuáticos/as plantas non obxecto de tratamento), non aplicar sobre superficies impermeables como o asfalto, o cemento, os lastros (as vías do ferrocarril) nin noutras situacións con elevado risco de escurramento.

SPe 5: Para protexer (as aves/os mamíferos silvestres), o produto débese incorporar completamente ao solo, asegurarse de que se incorpora ao solo totalmente ao final dos sucos.

SPe 6: Para protexer (as aves/os mamíferos silvestres), recóllase todo derramo accidental.

SPe 7: Non aplicar durante o período de reprodución das aves.

SPe 8: Perigoso para as abellas/Para protexer as abellas e outros insectos polinizadores, non aplicar durante a floración dos cultivos/Non utilizar onde haxa abellas en actividade/Retírense ou cúbranse as colmeas durante o tratamento e durante (indíquese o tempo) despois deste/Non aplicar cando as malas herbas estean en floración/Elimínense as malas herbas antes da súa floración/Non aplicar antes de (indíquese o tempo).

1.3 Precaucións relativas ás boas prácticas agrícolas (SPa):

SPa 1: Para evitar a aparición de resistencias, non aplicar este produto nin ningún outro que conteña (indíquese a substancia activa ou a clase de substancias, segundo corresponda) máis de (indíquese o número de aplicacións ou o prazo).

1.4 Precaucións específicas relativas aos rodenticidas (SPr):

SPr 1: Os cebos débense colocar de forma que se evite o risco de inxestión por outros animais. Asegurar os cebos de maneira que os roedores non poidan levarlos.

SPr 2: A zona tratada débese sinalar durante o tratamento. Débese advertir do risco de intoxicación (primaria ou secundaria) polo anticoagulante ben como do antídoto correspondente.

SPr 3: Durante o tratamento, os roedores mortos débense retirar diariamente da zona tratada. Non tirar con eles en cubos de lixo nin en vertedoiros.

3. *Criterios de atribución das frases normalizadas indicativas de precaucións específicas*

1.5 Introducción:

En xeral, os produtos fitosanitarios soamente se autorizan para os usos especificados que son aceptables segundo unha avaliación efectuada conforme os principios uniformes establecidos no anexo VI do R.D. 2163/1994 (orde do 29 de novembro de 1995, modificada pola orde do 9 de marzo de 1998).

Na medida do posible, as precaucións específicas deben reflectir os resultados das avaliacións segundo os principios uniformes e débense aplicar particularmente nos casos en que sexan necesarias medidas de redución do risco para previr uns efectos inaceptables.

1.6 Criterios de atribución das frases normalizadas indicativas de precaucións relativas á protección dos operarios:

SPo 1: En caso de contacto coa pel, elimínese primeiro o produto cun pano seco e despois lávese a pel con auga abundante.

A frase asignarase aos produtos fitosanitarios con ingredientes que poidan reaccionar violentamente coa auga, tales como os sales de cianuro ou o fosfuro de aluminio.

SPo 2: Lávese toda a roupa de protección despois de usala.

Recoméndase esta frase cando para protexer os operarios faga falta roupa de protección. É obrigatoria para todos os produtos fitosanitarios clasificados como T ou T+.

SPo 3: Após o inicio da combustión do produto, abandónese inmediatamente a zona tratada sen inhalar o fume.

Esta frase pódese asignar aos produtos fitosanitarios utilizados para a fumigación en casos en que non estea garantido o uso dunha máscara respiratoria.

SPo 4: O recipiente débese abrir ao aire libre e en tempo seco.

A frase débese asignar aos produtos fitosanitarios con substancias activas que poidan reaccionar violentamente coa auga ou o aire húmido, como o fosfuro de aluminio, ou que poidan causar unha combustión espontánea, como os (alquileo-bis-) ditiocarbamatos. Esta frase pódese asignar tamén aos produtos volátiles clasificados con R20, R23 ou R26. En cada caso débese ter en conta a opinión dos expertos para avaliar se as propiedades do preparado e do envase son tales que lle poden causar dano ao operario.

SPo 5: Ventilar (ben/durante un tempo especificado/até que secase a pulverización) as zonas ou os invernadoiros tratados antes de volver a entrar.

A frase pódese asignar aos produtos fitosanitarios utilizados en invernadoiros ou outros espazos confinados, como almacéns.

1.7 Criterios de atribución das frases normalizadas indicativas de precaucións relativas á protección do ambiente:

SPe 1: Para protexer (as augas subterráneas/os organismos do solo), non aplicar este produto nin ningún outro que conteña (precítese a substancia ou a familia de substancias, segundo corresponda) máis de (indíquese o prazo ou a frecuencia).

A frase débese asignar aos produtos fitosanitarios cuxa avaliación de acordo cos principios uniformes poña de manifesto respecto a un ou máis dos usos indicados na etiqueta que é necesario aplicar mediante a redución do risco para evitar a acumulación no solo, os efectos sobre as miñocas ou outros organismos que viven no solo ou sobre a microflora do solo, ou a contaminación das augas subterráneas.

SPe 2: Para protexer (as augas subterráneas/os organismos acuáticos), non aplicar en solos (precítese a situación ou o tipo de solos).

A frase pódese asignar como medida de redución do risco a fin de evitar a contaminación accidental das augas subterráneas ou superficiais en condicións vulnerables (por exemplo, en función do tipo de solo, a topografía ou en caso de solos drenados), cando unha avaliación de acordo cos principios uniformes poña de manifesto respecto a un ou máis dos usos indicados na etiqueta que é necesario aplicar medidas de redución do risco para evitar efectos inaceptables.

SPe 3: Para protexer (os organismos acuáticos/as plantas non obxecto de tratamento/os artrópodos non obxecto de tratamento/os insectos) respéctese sen tratar unha banda de seguranza de (indíquese a distancia) até (a zona non cultivada/ as masas de auga superficiais).

A frase asignarase para protexer as plantas que non son obxectivo de tratamento, os artrópodos que non son obxectivo de tratamento ou os organismos acuáticos, cando unha avaliación de acordo cos principios uniformes poña de manifesto respecto a un ou máis dos usos indicados na etiqueta que cómpre aplicar medidas de redución do risco para evitar efectos inaceptables.

SPe 4: Para protexer (os organismos acuáticos/as plantas non obxectivo), non aplicar sobre superficies

impermeables como o asfalto, o cemento, os lastros (as vías do ferrocarril) nin noutras situacións con elevado risco de escorremento.

En función das pautas de utilización do produto fitosanitario, poderase asignar a frase para mitigar o risco de escorremento a fin de protexer os organismos acuáticos ou as plantas que non son obxectivo.

SPe 5: Para protexer (as aves/os mamíferos silvestres), o produto débese incorporar completamente ao solo; asegurarse de que se incorpora ao solo totalmente ao final dos sucos.

A frase asignarase aos produtos fitosanitarios, como os gránulos, que se deban introducir no solo para protexer as aves ou os mamíferos silvestres.

SPe 6: Para protexer (as aves/os mamíferos silvestres), recóllase todo derramo accidental.

A frase asignarase aos produtos fitosanitarios, como os gránulos, cando deba evitarse a súa inxestión por aves ou mamíferos silvestres. Recoméndase con todas as formulacións sólidas que se utilicen sen diluír.

SPe 7: Non aplicar durante o período de reprodución das aves.

A frase asignarase cando unha avaliación de acordo cos principios uniformes poña de manifesto respecto a un ou máis dos usos indicados na etiqueta que é necesario aplicar esta medida de redución do risco.

SPe 8: Perigoso para as abellas/Para protexer as abellas e outros insectos polinizadores, non aplicar durante a floración dos cultivos/Non utilizar onde haxa abellas en actividade/Retírense ou cúbranse as colmeas durante o tratamento e durante (indíquese o tempo) despois deste/Non aplicar cando as malas herbas estean en floración/Elimínense as malas herbas antes da súa floración/Non aplicar antes de (indíquese o tempo).

A frase asignarase aos produtos fitosanitarios cando a súa avaliación de acordo cos principios uniformes poña de manifesto respecto a un ou máis dos usos indicados na etiqueta que é necesario aplicar medidas de redución

do risco para protexer as abellas ou outros insectos polinizadores. En función das pautas de utilización do produto fitosanitario poderase seleccionar a redacción adecuada a fin de mitigar o risco para as abellas e outros insectos polinizadores e as súas crías.

1.8 Criterios de atribución das frases normalizadas indicativas de precaucións relativas ás boas prácticas agrícolas:

SPa 1: Para evitar a aparición de resistencias, non aplicar este produto nin ningún outro que conteña (indíquese a substancia activa ou a clase de substancias, segundo corresponda) máis de (indíquese o número de aplicacións ou o prazo).

A frase asignarase cando sexa necesario aplicar esta restrición a fin de limitar o risco de aparición de resistencias.

1.9 Criterios de atribución das frases normalizadas indicativas de precaucións específicas relativas aos rodenticidas.

SPr1: Os cebos débense colocar de forma que se evite o risco de inxestión por outros animais. Asegurar os cebos de maneira que os roedores non os poidan levar.

Para asegurar o cumprimento polos operarios, a frase debe figurar de forma destacada na etiqueta, a fin de evitar no posible o risco de uso indebido.

SPr 2: A zona tratada débese sinalizar durante o tratamento. Débese advertir do risco de intoxicación (primaria ou secundaria) polo anticoagulante así como do antídoto correspondente.

A frase debe figurar de forma destacada na etiqueta, a fin de evitar no posible o risco de intoxicación accidental.

SPr 3: Durante o tratamento, os roedores mortos débense retirar diariamente da zona tratada. Non tirar con eles en cubos de lixo nin en vertedoiros.

Para evitar a intoxicación secundaria de animais, a frase débese asignar a todos os rodenticidas que conteñan anticoagulantes como substancias activas.»

ANEXO 2

Calendario para as medidas de aplicación respecto ás substancias activas autorizadas para utilizarse en produtos fitosanitarios

N.º	Denominación común	Orde de inclusión	Data de aplicación (*)
1	Imazalilo	01-12-2000.	30 de xullo de 2004.
2	Azoxistrobina	14-04-1999.	30 de xullo de 2004.
3	Cresoxim-metilo	15-09-1999.	30 de xullo de 2004.
4	Espiroxamina	01-03-2000.	30 de xullo de 2004.
5	Azimsulfuron	01-03-2000.	30 de xullo de 2004.
6	Fluroxipir	19-12-2000.	1 de decembro de 2004.
7	Metsulfuron-metilo	19-07-2001.	1 de xullo de 2005.
8	Prohexadiona cálcica	05-04-2001.	30 de xullo de 2004.
9	Triasulfuron	19-07-2001.	1 de agosto de 2005.
10	Esfenvalerato	19-07-2001.	1 de agosto de 2005.
11	Bentazona	19-07-2001.	1 de agosto de 2005.
12	Lambda-cihalotrina	19-07-2001.	1 de xaneiro de 2006.
13	KBR 2738 (Fenhexamida)	05-10-2001.	30 de xullo de 2004.
14	Amitrol	07-02-2002.	1 de xaneiro de 2006.
15	Dicuat	07-02-2002.	1 de xaneiro de 2006.

N.º	Denominación común	Orde de inclusión	Data de aplicación (*)
16	Piridato	07-02-2002.	1 de xaneiro de 2006.
17	Tiabendazol	07-02-2002.	1 de xaneiro de 2006.
18	Paecilomices fumosoroseus	07-02-2002.	30 de xullo de 2004.
19	DPX KE 459 (flupirsulfuron-metilo)	07-02-2002.	30 de xullo de 2004.
20	Acibenzolar-S-metilo	PRE/1376/2002 (5/06).	30 de xullo de 2004.
21	Ciclanilida	PRE/1376/2002 (5/06).	30 de xullo de 2004.
22	Fosfato férrico	PRE/1376/2002 (5/06).	30 de xullo de 2004.
23	Pimetrozina	PRE/1376/2002 (5/06).	30 de xullo de 2004.
24	Piraflufeno-etilo	PRE/1376/2002 (5/06).	30 de xullo de 2004.
25	Glifosato	PRE/2556/2002 (14/10).	1 de xullo de 2006.
26	Tifensulfuron-metilo	PRE/2556/2002 (14/10).	1 de xullo de 2006.
27	Ácido 2,4-dicloro-fenoxi-acético (2,4-D)	PRE/2556/2002 (14/10).	1 de outubro de 2006.
28	Isoproturon	PRE/3290/2002 (23/12).	1 de xaneiro de 2007.
29	Etofumesato	PRE/3290/2002 (23/12).	28 de febreiro de 2007.
30	Iprovalicarbo	PRE/3290/2002 (23/12).	30 de xullo de 2004.
31	Prosulfuron	PRE/3290/2002 (23/12).	30 de xullo de 2004.
32	Sulfosulfuron	PRE/3290/2002 (23/12).	30 de xullo de 2004.
33	Cinidon-etilo	PRE/3290/2002 (23/12).	30 de xullo de 2004.
34	Cihalofop-butilo	PRE/3290/2002 (23/12).	30 de xullo de 2004.
35	Famoxadona	PRE/3290/2002 (23/12).	30 de xullo de 2004.
36	Florasulam	PRE/3290/2002 (23/12).	30 de xullo de 2004.
37	Metalaxilo-M	PRE/3290/2002 (23/12).	30 de xullo de 2004.
38	Picolinafeno	PRE/3290/2002 (23/12).	30 de xullo de 2004.
39	Flumioxazina	PRE/1447/2003 (5/6).	30 de xullo de 2004.
40	Deltametrina	PRE/1447/2003 (5/6).	31 de outubro de 2007.
41	Imazamox	PRE/3476/2003 (9/12).	31 de decembro de 2004.
42	Oxasulfuron	PRE/3476/2003 (9/12).	31 de decembro de 2004.
43	Etoxisulfuron	PRE/3476/2003 (9/12).	31 de decembro de 2004.
44	Foramsulfuron	PRE/3476/2003 (9/12).	31 de decembro de 2004.
45	Oxadiarxilo	PRE/3476/2003 (9/12).	31 de decembro de 2004.
46	Ciazofamida	PRE/3476/2003 (9/12).	31 de decembro de 2004.
47	2,4-DB	PRE/3476/2003 (9/12).	31 de decembro de 2007.
48	Beta-ciflutrina	PRE/3476/2003 (9/12).	31 de decembro de 2007.
49	Ciflutrina	PRE/3476/2003 (9/12).	31 de decembro de 2007.
50	Iprodiona	PRE/3476/2003 (9/12).	31 de decembro de 2007.
51	Linuron	PRE/3476/2003 (9/12).	31 de decembro de 2007.
52	Hidrazida maleica	PRE/3476/2003 (9/12).	31 de decembro de 2007.
53	Pendimetalina	PRE/3476/2003 (9/12).	31 de decembro de 2007.
54	Propineb	PRE/3476/2003 (9/12).	31 de marzo de 2008.
55	Propizamida	PRE/3476/2003 (9/12).	31 de marzo de 2008.
56	Mecoprop	Pendente publicación.	31 de maio de 2008.
57	Mecoprop-P	Pendente publicación.	31 de maio de 2008.
58	Propiconazol	Pendente publicación.	31 de maio de 2008.
59	Trifloxistrobina	Pendente publicación.	31 de marzo de 2005.
60	Carfentrazona-etilo	Pendente publicación.	31 de marzo de 2005.
61	Mesotriona	Pendente publicación.	31 de marzo de 2005.
62	Fenamidona	Pendente publicación.	31 de marzo de 2005.
63	Isoxaflutol	Pendente publicación.	31 de marzo de 2005.

(*) Cando un produto fitosanitario conteña varias substancias activas ás cales correspondan distintas datas de aplicación, terase en conta a última destas.